



NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - IMG	
Número expediente:	Documento:
CON/89/2015	CONZIOTF
2E5B331V4I5N2L3I0G8D	

**CONTRATO DE OBRAS
PROCEDEMENTO ABERTO.
OFERTA: VARIOS CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN
Con tramitación ordinaria**

Expte. nº CON/89/2015

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

A.- PODER ADJUDICADOR

ADMINISTRACIÓN CONTRATANTE: CONCELLO DE NARON

ÓRGANO DE CONTRATACIÓN : ALCALDÍA

B.- DEFINICIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO

Nomenclatura CPV: 45232410-9 Obras de saneamiento

DESCRICIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO

Rede de colectores secundarios de saneamiento

C.- ORZAMENTO DE LICITACIÓN

Orzamento de licitación IVE excluído: 275.734,13

21% IVE: 57.904,17

Presuposto de licitación IVE incluído: 333.638,30

Aplicación Orzamentaria: 18 16000 62900

D.- RÉXIME DE FINANCIAMENTO

Este contrato financiarase integramente con cargo aos orzamentos municipais.

E.- PRAZO DE EXECUCIÓN

Tres (3) meses

F.- PRAZO DE GARANTÍA

Un ano

G.- ADMISIBILIDADE DE VARIANTES:



NON

H.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

A) CRITERIOS OBXECTIVOS:

Criterio e documentación	Fórmula	Ponderación
Mellor oferta económica	$Mo = 73 \times \frac{\% \text{ Baixa Mellor Oferta}}{\% \text{ Baixa Oferta a valorar}}$	73 puntos
Incremento prazo garantía	Valoración entre 0 puntos para 0 meses de garantía adicional y 1 punto para 12 meses de garantía adicional. Plazos superiores tendrán valoración de 2 puntos.	2 puntos

B) CRITERIOS AVALIABLES POR UN XUÍZO DE VALOR

Criterio e documentación	Ponderación
Criterio: Plan de traballo e organización da obra	20 puntos
Valorarase a planificación do proceso construtivo máis o seu grao de adecuación á realidade da obra, concepción global da obra (evitar copiar memoria do proxecto)	4 puntos
Planning detallado, hitos parciais, xustificación das modificación de prazo	4 puntos
Adecuación á realidade da obra, condicionantes externos	6 puntos
Afeccións a terceiros, servizos afectados, desvíos, reposicións, sinalización	6 puntos
Criterio: Fomento do emprego para persoas en risco de exclusión social.	5 puntos
Documentación: Declaración responsable sobre o número de persoas en risco de exclusión social (parados de longa duración, mulleres maltratadas, xoves, etc), que se contratarían para esta obra, en caso de novas contratacións.	
Para acreditar o cumprimento deste criterio, o adjudicatario deberá presentar os correspondentes contratos.	

I.- CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN DO CONTRATO

A contratación de persoas en risco de exclusión, estará cualificada como cláusula esencial, polo que o incumprimento do compromiso adquirido polo licitador en referencia a este aspecto social do contrato, dará lugar a resolución do mesmo.

J.-REVISIÓN DE PREZOS

Neste contrato non se revisarán prezos

K.- GARANTÍA DEFINITIVA

Definitiva: **5 %** do importe de adjudicación excluído IVE



NARÓN

L.- CRITERIOS DE SOLVENCIA

Solvencia económico financeira

Medio de acreditación da solvencia: art. 75 Apart. 1.a)

Declaración sobre o volume anual de negocios do licitador ou candidato, que referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos deberá ser polo menos unha vez e media o valor estimado do contrato.

A acreditación levarase a cabo a través das contas aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil ou rexistro oficial correspondente ou, en caso de empresarios individuais non inscritos no R.M., libros inventarios e contas anuais legalizadas polo R.M.

Solvencia técnica ou profesional

Medio de acreditación da solvencia: art.76 Apart. 1.a)

Relación dos traballos executados, con destino público ou privado, durante os últimos dez anos.

Requisito mínimo de solvencia: Deberá acreditarse a realización de obra de características equivalentes á que se pretende contratar, por un valor mínimo de 275.734,13, sen incluír impostos, no ano de maior execución, avaliado por certificados de correcta execución das obras suscrito polo técnico director destas, indicando o importe, data e lugar de execución.

M.- SUBCONTRATACIÓN

Permítese unha subcontratación máxima do 30% do prezo do contrato. Na oferta indicárase a parte do contrato que se teña previsto subcontratar.

N.- MODIFICACIONES CONTRACTUAIS PREVISTAS (art. 106 TRLCSP)

Non se prevé modificación contractual ningunha.



ÍNDICE DO CLAUSULADO

1. Procedemento de adxudicación
2. Réxime xurídico do contrato, prerrogativas da administración e xurisdición
3. Condicións Xurídico-Económicas
 - 3.1. Disposicións Xerais**
 - 3.1.1. Obxecto do Contrato
 - 3.1.2. Necesidades administrativas a satisfacer mediante contrato
 - 3.1.3. Valor estimado do contrato
 - 3.1.4. Presuposto de licitación
 - 3.1.5. Prezo do contrato
 - 3.1.6. Existencia de crédito
 - 3.1.7. Prazo de execución do contrato
 - 3.1.8. Perfil do contratante
 - 3.2. Cláusulas especiais de licitación**
 - 3.2.1. Presentación de proposicións
 - 3.2.2. Información aos licitadores
 - 3.2.3. Contido das proposicións
 - 3.2.3.1. Sobre nº UN
 - 3.2.3.2. Sobre nº DOUS
 - 3.2.3.3. Sobre nº TRES
 - 3.2.3.4. Referencias Técnicas
 - 3.2.4. Efectos da presentación de proposicións
 - 3.2.5. Órgano competente para a cualificación da documentación administrativa e avaliación de ofertas
 - 3.2.6. Apertura e exame das proposicións
 - 3.2.6.1 Apertura dos Sobres nº UN e cualificación da documentación Administrativa
 - 3.2.6.2 Apertura e exame dos sobres nº DOUS
 - 3.2.6.3 Apertura e exame dos sobres nº TRES
 - 3.2.6.4 Notificación dos actos de exclusión. Recursos contra os mesmos
 - 3.2.7. Criterios de avaliación
 - 3.2.8. Aclaración de ofertas
 - 3.2.9. Ofertas con valores anormais ou desproporcionados
 - 3.2.10. Sucesión no procedemento
 - 3.3 Adxudicación**
 - 3.3.1. Clasificación das ofertas.
 - 3.3.2. Presentación da documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos polo licitador que presentara a oferta economicamente máis vantaxosa.
 - 3.3.2.1 Prazo para achegar a documentación acreditativa da capacidade, aptitude, representación e solvencia
 - 3.3.2.2 Prazo para achegar a restante documentación requirida para adxudicar o contrato
 - 3.3.2.3. Verificación do cumprimento da documentación achegada e efectos se non a achega en prazo



NARÓN

3.3.3. Garantía definitiva

3.3.4. Renuncia á celebración do contrato e desistimento do procedemento de adxudicación pola Administración

3.3.5. Adxudicación

3.4. Formalización del Contrato

3.4.1. Prazo de formalización

3.4.2. Publicidade da formalización

3.5 Dereitos e obrigas das partes

3.5.1. Abonos ao Contratista.

3.5.2. Obrigas do Contratista

3.5.2.1. Obrigas laborais, sociais, fiscais e de protección do medio ambiente

3.5.2.2. Obrigas do Contratista nos supostos de subcontratación

3.5.2.3. Sinalización das obras

3.5.2.4. Obrigas relativas á xestión de licenzas y autorizacións

3.5.2.5. Gastos esixibles ao Contratista

3.5.2.6. Indemnización por danos e prexuízos.

3.5.3. Tributos

3.5.4. Revisión de prezos

3.5.5. Sucesión na persoa do contratista

3.6 Execución das obras

3.6.1. Prazo

3.6.2. Responsable do contrato

3.6.3. Director das obras

3.6.4. Coordinador en materia de seguridade e saúde

3.6.5. Delegado de obra do Contratista

3.6.6. Libro de ordes

3.6.7. Libro de incidencias

3.6.8. Comprobación do reformulo

3.6.9. Programa de Traballo

3.6.10. Plan de seguridade e saúde no traballo

3.6.11. Ensaos y análises de materiais e unidades de obras

3.6.12. Cumprimento de prazos e penalidades por demora

3.6.13. Modificacións do contrato

3.6.14. Suspensión das obras

3.7. Recepción e liquidación. Prazo de garantía

3.7.1. Recepción e liquidación

3.7.2. Prazo de garantía

3.7.3. Devolución da Garantía e Liquidación das Obras

3.8. Responsabilidade por vicios ocultos

3.9. Resolución do Contrato

3.10 Réxime de recursos contra a documentación que rexe a contratación.



1. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

Procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, a teor do previsto no artigo 157 e seguintes do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, en diante TRLCSP.

2. RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO, PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN E XURISDICIÓN

Este contrato ten carácter administrativo de acordo co previsto no artigo 19 TRLCSP e ambas as partes fican sometidas expresamente ao TRLCSP, ao Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro), en diante RXLCAP e restantes disposicións de desenvolvemento, en canto á súa preparación, adxudicación, efectos e extinción.

O contrato non está suxeito a regulación harmonizada, tendo en conta que os límites cuantitativos desta modalidade de tramitación fan que sexa de aplicación en exclusiva a contratos non harmonizados.

O presente prego e demais documentos anexos revestirán carácter contractual. En caso de discordancia entre o presente prego e calquera do resto de documentos contractuais, prevalecerá o disposto neste prego.

O descoñecemento das cláusulas do contrato en calquera dos seus termos, dos outros documentos contractuais, e das instrucións ou da normativa que resulten de aplicación na execución do pactado, non exime ao adxudicatario da obrigaçión de cumprilas.

O órgano de contratación ostenta, de acordo co previsto no artigo 210 TRLCSP, a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento. Igualmente poderá modificar os contratos celebrados e acordar a súa resolución, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados no TRLCSP e as súas disposicións de desenvolvemento.

Os acordos que dite o órgano de contratación no exercicio das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolución, serán inmediatamente executivos. Os mesmos poñerán fin á vía administrativa e contra eles poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición, ou recurso especial en materia de contratación se procede, ou ben recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

3. CONDICIÓNS XURÍDICO ECONÓMICAS

3.1 Disposicións Xerais

3.1.1. **Obxecto do contrato**

O contrato ten por obxecto a execución das obras a que se refire o apartado B do Cadro-resumo, de conformidade co proxecto no mesmo referenciado.

3.1.2. **Necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato**

As necesidades para satisfacer mediante o contrato son as contidas na resolución administrativa de iniciación do expediente.

3.1.3. **Valor estimado do contrato**

O valor estimado do contrato, calculado conforme ao artigo 88 TRLCSP, foi tido en conta para elixir o procedemento de adxudicación aplicable a este contrato e a publicidade á que se vai someter. Non se prevén modificacións de contrato nin revisións de prezo, polo que o valor estimado axústase ao valor da obra en proxecto.

Orzamento: 275.734,13

IVE: 57.904,17

Total: 333.638,30

3.1.4. **Orzamento de licitación**

O importe do Orzamento de licitación do Contrato é o sinalado como máximo no apartado C do Cadro-resumo.



3.1.5. **Prezo do contrato**

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do mesmo e deberá indicar como partida independente o IVE. No prezo do contrato consideraranse incluídos os tributos, taxas e canons de calquera índole que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para o adxudicatario como consecuencia do cumprimento das obrigacións contempladas no prego. Todos os gastos que se orixinen para o contratista como consecuencia das obrigacións recollidas no prego e o resto de disposicións que sexan de aplicación ao contrato, que non figuren o proxecto obxecto de licitación entre os custos directos e indirectos de execución, consideraranse incluídos na porcentaxe de Gastos Xerais.

3.1.6. **Existencia de crédito**

Existe crédito suficiente ata o importe do orzamento máximo fixado pola Administración.

3.1.7. **Prazo de execución do contrato**

O prazo de execución das obras será o que figure no apartado E do Cadro-resumo. Non obstante o mesmo terá carácter orientativo, sendo o prazo de execución da obra o que figure na oferta seleccionada pola Administración. Os prazos parciais serán os que se fixen na aprobación do Programa de Traballo.

Todos estes prazos comezarán a contar a partir da autorización para a iniciación das obras dada pola Administración, coa sinatura da Acta de comprobación do reformulo.

O Acta de comprobación do reformulo e os prazos parciais que poidan fixarse ao aprobar o Programa de Traballos cos efectos que nesta aprobación se determinen, entenderanse integrantes do contrato, para os efectos da súa esixibilidade.

3.1.8. **Perfil de contratante**

A información relativa ao presente contrato que, de acordo co disposto neste Prego, vaia ser publicada a través do “perfil de contratante” (artigo 53 TRLCSP), poderá ser consultada no seguinte enderezo electrónico:
<http://www.concellodenaron.com/web/cat/gal/concello/concursos>.

3.2 **Cláusulas especiais de licitación**

3.2.1. **Presentación de proposicións**

As proposicións presentaranse no lugar e prazo sinalado no anuncio de licitación publicado no Diario Oficial correspondente e no perfil do contratante.

Cando as proposicións se envíen por correo deberán remitirse ao enderezo indicado no parágrafo anterior e cumprarán os requisitos sinalados no artigo 80.4 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro), en diante RXLCAP, debendo xustificarse a data e hora da imposición do envío na Oficina de Correos e anunciar no mesmo día ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no que se consigne o número de expediente, título completo da obra e nome do licitador. Sen a concorrencia de ambos os requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. A efectos de xustificar que o envío por correo se fai dentro da data e hora sinaladas para a admisión de proposicións, admitirase como medio de proba que no fax ou telegrama se faga referencia ao número do certificado do envío feito por correo.

3.2.2. **Información aos licitadores**

Cando sexa preciso solicitar a información adicional ou complementaria a que se refire o artigo 158 TRLCSP, a Administración contratante deberá facilitala, polo menos, seis días antes da data límite fixada para a recepción de ofertas, sempre que a dita petición se presentase cunha antelación mínima de oito días respecto daquela data. A dita solicitude efectuarase ao número de fax ou ao enderezo de correo electrónico previsto no anuncio de licitación.

3.2.3. **Contido das proposicións**

As proposicións constarán dos sobres que a continuación se indican, pechados e asinados polo licitador ou persoa que o representa facendo constar en cada un deles o seu respectivo contido e o nome do licitador.



3.2.3.1. Sobre nº UN

TÍTULO: Documentación Administrativa

1º ÍNDICE

2º FOLLA RESUMO DATOS DO LICITADOR A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN na que conste nome, NIF, enderezo completo do licitador a estes efectos, incluíndo número de teléfono, fax e persoa de contacto, con indicación dun enderezo de correo electrónico.

3ª DECLARACIÓN RESPONSABLE – conforme ao modelo do Anexo I -subscrita polo licitador ou o seu representante recoñecendo que cumpre os requisitos de capacidade, representación e solvencia esixidos e comprometéndose, no caso de que a proposta de adjudicación recaia ao seu favor, a achegar os documentos que se sinalan na cláusula 3.3.2.1.

4ª COMPROMISO DE CONSTITUCIÓN DE UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESARIOS, NO SEU CASO.

Cando dous ou máis empresas acudan a unha licitación constituíndo unha unión temporal, cada un dos empresarios que a compoñen deberá subscribir a declaración responsable indicada no apartado anterior e achegar un documento privado indicando os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles e que asumen o compromiso de constituírse formalmente en Unión Temporal, caso de resultar adjudicatarios (artigos 59 TRLCSP e 24 RXLCAP). O citado documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das Empresas compoñentes da Unión.

5º DOCUMENTOS E DATOS DOS LICITADORES DE CARÁCTER CONFIDENCIAL. Tal como prevé o artigo 140 TRLCSP, as empresas licitadoras terán que indicar e xustificar, se é o caso, mediante unha declaración complementaria que documentos administrativos e técnicos e datos presentados son, ao seu parecer, constitutivos de ser considerados confidenciais. Esta circunstancia deberá ademais reflectirse claramente (sobreimpresa, á marxe ou de calquera outra forma) no propio documento sinalado como tal. Os documentos e datos presentados polas empresas licitadoras poden ser considerados de carácter confidencial cando a súa difusión a terceiros poida ser contraria aos seus intereses comerciais lexítimos, prexudicar a leal competencia entre as empresas do sector ou ben estean comprendidas nas prohibicións establecidas na Lei de Protección de datos de Carácter Persoal. De non achegarse esta declaración considerarase que ningún documento ou dato posúe o devandito carácter.

3.2.3.2. Sobre nº DOUS

TÍTULO: DOCUMENTACIÓN TÉCNICA (Criterios non obxectivos)

CONTIDO: O licitador deberá achegar un Sobre nº DOUS no que inclúa a documentación esixida no cadro resumo deste prego. Deberanse presentar os documentos orixinais, selados e asinados que figuren nel xunto con índice de todos eles. En ningún caso deberán incluírse neste Sobre documentos propios do sobre nº TRES.

3.2.3.3. Sobre nº TRES

TÍTULO: OFERTA ECONÓMICA (Criterios obxectivos)

Neste sobre, deberase incluír a OFERTA ECONÓMICA

A OFERTA ECONÓMICA será formulada conforme ao modelo que se achega como Anexo II deste Prego, formando parte inseparable do mesmo. As ofertas dos contratantes deberán indicar, como partida independente, o importe do Imposto sobre o Valor Engadido que deba ser repercutido.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposición en unión temporal con outras empresas se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha UTE. A contravención deste principio dará lugar á desestimación de todas as presentadas.

A proposición económica presentarase en caracteres claros ou escrita a máquina e non se

aceptarán aquelas que teñan omisións, erros ou riscadas que impidan coñecer, claramente, o que a Administración estime fundamental para considerar a oferta.

3.2.3.4. Referencias Técnicas

Así mesmo o licitador deberá incluír, no sobre DOUS calquera outros documentos que se indiquen expresamente no Prego de Condicións Técnicas e que permitan verificar que a oferta cumpre coas especificacións técnicas requiridas.

3.2.4. Efectos da presentación de proposicións.

A presentación de proposicións supón por parte do empresario a aceptación incondicional das condicións deste Prego e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

Os licitadores non poderán retirar a súa proposición durante o prazo de dous meses a contar desde a apertura das proposicións. O devandito prazo ficará ampliado en quince días hábiles cando sexa necesario seguir os trámites a que se refire o artigo 152.3 TRLCSP relativo ás ofertas con valores anormais ou desproporcionados. A retirada indebida dunha proposición será causa que impedirá ao licitador contratar coas Administracións Públicas de acordo co disposto no artigo 60.2.d) TRLCSP.

3.2.5. Órgano competente para a cualificación da documentación administrativa e valoración de ofertas

O órgano de contratación será o órgano competente para admitir ou excluír aos licitadores, previa cualificación da documentación administrativa.

3.2.6. Apertura e exame das proposicións

3.2.6.1. Apertura dos sobres nº UN e cualificación da documentación Administrativa.

Concluído o prazo de presentación de ofertas, procederase á apertura da documentación administrativa presentada polos licitadores en tempo e forma no denominado Sobre nº UN, verificándose que constan as manifestacións e declaracións responsables indicadas en o apartado 3.2.3.1., outorgando un prazo de 3 días hábiles para a súa corrección se non se presentou, ou non estivese adecuadamente cumprimentado o presentado. Se non se emendase no prazo o requirido, órgano de contratación rexeitará a proposición do licitador, outorgándolle os recursos que contra este acto procedan.

3.2.6.2. Apertura e exame dos sobres nº DOUS

Os sobres nº DOUS identificados como “Documentación Técnica” (criterios non obxectivos), abríranse en acto público ao obxecto de avaliar o seu contido con arranxo aos criterios expresados no cadro resumo deste prego. A data de celebración do citado acto fixarase no anuncio a publicar no perfil.

O devandito acto iniciárase cun pronunciamento expreso sobre os licitadores admitidos ou excluídos no seu caso.

Excluírase do procedemento de licitación a aqueles licitadores que incorporen no Sobre nº DOUS documentación que deba ser obxecto de avaliación posterior (Sobre nº TRES).

De todo o actuado conforme aos apartados anteriores, deixarase constancia nas Actas correspondentes nas que se reflectirá o resultado do procedemento e as súas incidencias.

3.2.6.3. Apertura e exame dos sobres nº TRES.

Antes de proceder á apertura dos sobres nº TRES, darase a coñecer neste acto o resultado da avaliación previa efectuada polos servizos técnicos por aplicación dos criterios de valoración previstos no cadro resumo deste prego. As propostas que non cumpran as condicións técnicas esixidas non serán obxecto de valoración, quedando excluídas do procedemento.

Seguidamente, procederase á apertura dos sobres nº TRES, denominados “OFERTA ECONÓMICA (Criterios Obxectivos)” das ofertas que cumpran as condicións esixidas, dando lectura ás mesmas.



A documentación contida nestes sobres nº TRES será avaliada mediante a fórmula contemplada no cadro resumo deste prego.

De todo o actuado conforme aos apartados anteriores, deixarase constancia nas Actas correspondentes nas que se reflectirá o resultado do procedemento e as súas incidencias.

3.2.6.4. Notificación dos actos de exclusión. Recursos contra os mesmos.

O acto de exclusión dun licitador será notificado a este. O devandito acto será susceptible de recurso de reposición ante o órgano de contratación, de conformidade co previsto no artigo 107 da citada Lei 30/1992.

3.2.7. Criterios de avaliación

Os criterios de avaliacións das propostas son os que figuran no anuncio de licitación no apartado H do cadro resumo, parte inseparable deste prego.

3.2.8. Aclaración de ofertas

A Mesa de Contratación poderá solicitar ao licitador aclaración sobre a oferta presentada ou se houber de corrixir, manifestos erros materiais na redacción da mesma, sempre que se respecte o principio de igualdade de trato e sen que poida, en ningún caso, modificarse os termos da oferta. De todo o actuado deberá deixarse constancia documental no expediente.

3.2.9. Ofertas con valores anormais ou desproporcionados

«Consideraranse, en principio, desproporcionadas ou temerarias as ofertas que se atopen nos seguintes supostos:

1. Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.
2. Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.
3. Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Con todo, excluírase para o cómputo da dita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais a dita media. En calquera caso, considerarase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.
4. Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Con todo, se entre elas existen ofertas que sexan superiores á dita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederase ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

3.2.10. Sucesión no procedemento

Se durante a tramitación do procedemento e antes da adxudicación se produce a extinción da personalidade xurídica da empresa licitadora por fusión, escisión ou pola transmisión do seu patrimonio empresarial, sucederalle na súa posición no procedemento a sociedade absorbente, a resultante da fusión, a beneficiaria da escisión ou a adquirente do patrimonio, sempre que reúna as condicións de capacidade e ausencia de prohibicións de contratar e acredite a solvencia e clasificación nas condicións esixidas no presente prego para poder participar no procedemento de adxudicación

3.3. Adxudicación

3.3.1. Clasificación das ofertas.

Unha vez valoradas as ofertas, a Mesa de Contratación remitirá ao órgano de contratación a correspondente proposta de adxudicación, na que figurarán ordenadas as ofertas de forma decrecente incluíndo a puntuación outorgada a cada unha delas por aplicación dos criterios indicados no apartado



H do cadro-resumo e identificando a economicamente máis vantaxosa.

Cando exista un empate entre a puntuación global de dous ou máis licitadores, este dirimirase a prol da empresa que teña unha maior porcentaxe de traballadores con discapacidade, sempre que esta non sexa inferior ao 2%; no seu defecto, de persistir este, o contrato adxudicárase a empresa con menor número de traballadores temporais, sempre que este non sexa superior ao 20%; de persistir o empate, a adxudicación se produciría a prol da empresa que amosara unha mellor práctica en canto a contratación de parados de longa duración, daqueles en perigo de exclusión social e por último en políticas de igualdade; se aínda así persistira a igualdade realizaríase un sorteo. A estes efectos a Mesa de Contratación solicitará das empresas afectadas, a pertinente documentación, outorgándolle un prazo mínimo de tres días para a presentación da mesma.

O órgano de contratación, á vista da proposta formulada pola Mesa de contratación, clasificará por orde decrecente as ofertas presentadas e requirirá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que presente a documentación que se indica na cláusula seguinte nos prazos que na mesma se sinalen.

3.3.2. Presentación da documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos polo licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa.

O órgano de contratación, á vista da proposta formulada, clasificará por orde decrecente as ofertas presentadas e requirirá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que nos prazos sinalados, presente:

3.3.2.1 Prazo para achegar a documentación acreditativa da capacidade, aptitude, representación e solvencia.

No prazo de 7 días hábiles a contar desde o seguinte a aquel no que recibise o requirimento, a seguinte documentación acreditativa da capacidade, aptitude, representación e solvencia, en orixinal ou copia debidamente compulsada, do declarado previamente:

1º Documentos que acrediten a personalidade do empresario e o seu ámbito de actividade. Se a empresa fose persoa xurídica a personalidade acreditarase mediante a presentación da escritura de constitución e modificación, no seu caso, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil cando este requisito sexa esixible segundo a lexislación mercantil aplicable. Se o devandito requisito non fora esixible, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acta fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial (artigo 146.1 a) TRLCSP).

As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que a tenor dos seus estatutos ou regras fundacionais lle sexan propios, cuestión que deberá quedar acreditada na documentación achegada.

Se se trata dun empresario individual deberá presentar fotocopia lexitimada notarialmente ou compulsada do seu DNI.

No caso de que o empresario individual non posúa DNI deberá presentar fotocopia lexitimada notarialmente ou compulsada polo órgano administrativo competente, do documento que lle substitúa regulamentariamente (artigo 146.1 a) TRLCSP e 21 RXLCAP).

2º Documentos que acrediten, no seu caso, a representación. Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro presentarán poder bastante para o efecto, previamente bastanteadado polo Secretario Xeral deste Concello, xunto co seu DNI.

No caso de que o representante non posúa DNI deberá presentar fotocopia lexitimada notarialmente ou compulsada polo órgano administrativo competente, do documento que lle substitúa regulamentariamente (artigo 146.1 a) TRLCSP e 21 RXLCAP).

Se a empresa fose persoa xurídica o poder deberá figurar inscrito, no seu caso, no Rexistro Mercantil. De tratarse dun poder para acto concreto non é necesaria a inscrición no Rexistro Mercantil, dacordo co artigo 94.5 do Regulamento do Rexistro Mercantil.



CONCELLO DE NARÓN

3º Solvencia económica, financeira e técnica. Acreditación da súa solvencia económica, financeira e técnica polos medios que se especifiquen no anuncio de licitación e no presente Prego.

A solvencia acreditada valorarase segundo os criterios fixados no cadro resumo deste prego.

A acreditación da solvencia será substituída pola correspondente clasificación nos casos en que con arranxo ao TRLCSP sexa esixible (artigos 62.1 e 65 TRLCSP).

Nas Unións Temporais de Empresarios, a efectos de determinación da súa solvencia, acumularanse as características acreditadas para cada un dos integrantes da mesma (artigo 24.1 RGLCAP).

A acreditación da solvencia mediante medios externos (artigo 63 TRLCSP), esixirá demostrar que para a execución do contrato dispón efectivamente deses medios mediante a exhibición do correspondente documento de compromiso de disposición. Un mesmo empresario non poderá concorrer para completar a solvencia de máis dun licitador.

O licitador executará o contrato cos mesmos medios que achegou para acreditar a súa solvencia. Só poderá substituílos, por causas imprevisibles, por outros medios que acrediten solvencia equivalente e coa correspondente autorización da Administración.

4º. Declaración responsable de non estar incurso a empresa nas prohibicións para contratar, de conformidade cos artigos 60 e 61 TRLCSP.

5º. Certificacións tanto da Axencia Tributaria como da Tesourería da Seguridade Social, conforme non existen débedas por parte da empresa con eses organismos.

6º. Declaración expresa responsable da empresa licitadora relativa ao grupo empresarial ao que pertence e comprensiva de todas as sociedades pertencentes a un mesmo grupo, nos termos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio.

En caso de non pertencer a ningún grupo empresarial, a declaración realizarase neste senso.

7º. Declaración relativa á parte do contrato que o licitador teña previsto subcontratar. Os licitadores deberán indicar a parte do contrato que teñan previsto subcontratar, sinalando o importe que representa sobre o orzamento de licitación e o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica, dos subcontratistas aos que vaia encomendar a súa realización (artigo 227.2. a) TRLCSP).

8º. Manifestación por escrito de que na oferta presentada se tiveron en conta as obrigas derivadas das disposicións vixentes en materia de protección do emprego, condicións de traballo e prevención de riscos laborais, e protección do medio ambiente. A dita manifestación incorpórase ao modelo de declaración responsable do Anexo I do presente Prego.

9º. Especialidades na documentación que han de presentar os empresarios estranxeiros. Os empresarios estranxeiros deberán presentar a documentación sinalada anteriormente tendo en conta as especialidades e a documentación específica que a continuación se detalla.

Empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o espazo Económico Europeo	Restantes empresas estranxeiras
--	---------------------------------

Documentos que acrediten a capacidade de obrar	Acreditarse mediante a inscrición nos Rexistros ou presentación das certificacións que se indican no Anexo I do RXLCAP, en función dos diferentes contratos	<input type="checkbox"/> Acreditarse mediante informe expedido pola Misión diplomática Permanente ou Oficina Consular de España do lugar do enderezo da empresa, no que se faga constar, previa acreditación pola empresa, que figuran inscritas no Rexistro local profesional, comercial ou semellante ou, no seu defecto que actúan habitualmente no tráfico local no eido das actividades ás que se estende o obxecto do contrato. <input type="checkbox"/> Deberá achegarse ademais informe de reciprocidade a que se refire o artigo 55 TRLCSP, agás que se trate
--	---	---



		de contratos suxeitos a regulación harmonizada, neste caso, substituirase por un informe da Misión diplomática Permanente ou da Secretaría Xeral de Comercio Exterior do Ministerio de Economía sobre a condición de Estado signatario do acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio
Solvencia económica financeira e técnica	<input type="checkbox"/> Deberán acreditar a súa solvencia económica financeira do mesmo xeito que se esixe aos empresarios españois (apartado 3º da documentación xeral)	<input type="checkbox"/> Deberán acreditar a súa solvencia económica financeira do mesmo xeito que se esixe aos empresarios españois (apartado 3º da documentación xeral)
Sometemento a xurisdición española	Declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde. Para todas as incidencias que de xeito directo ou indirecto pouderan xurdir do contrato, declaración con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional extranxeiro que puidera corresponder ao licitante (art.146.1.a) TRLCSP)	

En calquera caso, a presentación do certificado de inscrición no rexistro de licitadores do Estado, da Xunta de Galicia ou da Excm. Deputación Provincial da Coruña, eximirá ao licitador da presentación da documentación esixida nos apartados 1º, 2º e 4º da presente cláusula. Neste suposto, xunto co certificado de inscrición, deberá achegarse declaración responsable de vixencia dos datos contidos no mesmo.

No caso no que se achasen erros ou omisións emendables na documentación presentada comunicárase ao interesado por teléfono ou, no seu defecto, por fax ou electronicamente a través dos medios que os licitadores indicaran, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para a súa corrección.

3.3.2.2 Prazo para achegar a restante documentación requirida para adxudicar o contrato

No prazo de 10 días hábiles a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento:

- 1.- Certificados acreditativos de atoparse ao corrente nas súas obrigacións tributarias e de Seguridade Social.
- 2.- Cando se exerzan actividades suxeitas ao Imposto sobre Actividades Económicas: Alta, referida ao exercicio corrente, ou último recibo, xunto cunha declaración responsable de non haberse dado de baixa na matrícula do citado Imposto e, no seu caso, declaración responsable de atoparse exento.
- 3.- Constitución da garantía definitiva que, no seu caso, sexa procedente.

No caso de que a proposta de adxudicación recaia sobre unha Unión Temporal de Empresas, o prazo para presentar esta documentación será de 20 días hábiles. Se se observasen defectos ou omisións subsanables na documentación presentada comunicárase ao interesado por teléfono ou, na súa falta, por fax ou electronicamente a través dos medios que os licitadores indiquen, concedéndolles un prazo non superior a tres (3) días hábiles para a súa corrección ou emenda.

3.3.2.3. Verificación do cumprimento da documentación achegada e efectos se non se achega en prazo.

